

# TEOLOXÍA DA LIBERACIÓN

Por Alfonso **BLANCO TORRADO**

O libro de Xosé Miguélez “*La Teología de la Liberación y su método: estudio en Hugo Assmann y Gustavo Gutiérrez*” é unha aportación clarificadora ao panorama actual da Teoloxía (1).

É un estudo incisivamente agudo, non só porque conecta con respecto e profundidade na intención e na obra dos teólogos latinoamericanos fronte a tantas manipulacións da teoloxía da liberación, senón tamén porque sitúa con obxetividade o esforzo destes teólogos na reflexión á luz da fe.

Este achegamento a Hugo Assmann e Gustavo Gutiérrez é benfadado para os que estamos a teimar por unha liberación total de Galiza, aportando desde a nosa perspectiva a forza da nosa esperanza e do noso compromiso. A verdade que estes teólogos tencionan mostrar vai xurdindo na praxe cotidiana e constante por establecer a xusticia (ortopraxe).

A fe verificase neste momento nun compromiso histórico liberador. Esta liberación urxente e decisiva é un clamor de moitos pobos; é un berro da nosa Galiza...; é o “feito meirande do noso tempo” para estes teólogos; daí que a participación da comunidade cristiá neste proceso de liberación se concreta nun lugar teolóxico; é unha chamada a unha “reflexión crítica sobre a praxe á luz da fe”.

As conclusións deste libro suporán o reforzo que compría a moitos crentes que se abren felizmente á súa propia liberación e realización no seo do pobo en que camiñan, convencidos de que o seu destino non se labra isoladamente, senón que son solidarios dun pobo en proceso de liberación. No núcleo desta loita o home creará, amará e esperará.

Esta teoloxía da liberación conquire ser unha teoloxía fundamental que alcanza todos os repregues do logos teolóxico. Miguélez conquire perfilar o novo método que este combate da historia desentrañou. Son interrogantes fundamentais, clásicos, nados neste intre da historia, a única que nós estamos a facer e vivir.

Este é o obxectivo da súa análise, acadado amplamente. As características que despuntan nestes teólogos latinoamericanos fanse necesarias para unha teoloxía destinada á Galiza neste momento da súa historia: concreción textual, radicalmente crítica, historicidade e provisoriedade, liberadora do home e da comunidade cristiá.

---

(1) Xosé MIGUÉLEZ, *La Teología de la liberación y su método: estudio en Hugo Assmann y Gustavo Gutiérrez*, Herder, Barcelona 1976.

O traballo deste teólogo galego móstrase no conxunto do discurso teolóxico actual con visos de clarificación e discernimento decisivos. Plantexa sen reviravoltas, encostado na liberdade dun investigador riguroso, cuestións candentes: o problema da “mediatización ideolóxica”, a relación fe-praxe, o carácter histórico da fe, e dentro dun horizonte prometedor tanxe o nervo principal das pautas hermenéuticas da teoloxía da liberación.

Un estudo digno dun teólogo con forte experiencia... A lectura desta obra pon ao descuberto a experiencia da vida a da fe deste crente que ilumina a suareflexión a partir dun compromiso cotidiano na Galiza rural. Fe e praxe, dúas coordenadas inimaxinábeis arredadas unha da outra, constitúen o núcleo do seu facer e coñecer, dos que é reflexo esta obra.

Non podemos esquezernos o seu estilo literario, o seu dominio da lingua, que nos recorda a Xosé Miguélez como poeta e escritor esquesito.

Para sorte e sustento de todos. Miguélez darános outros froitos da súa vida e da súa experiencia da fe... Compre que a comunidade suscite homes deste calibre que vaian rexando con liberdade e rigor o misterio da historia, amostrándonos o seu senso e agora. Homes de fe e de amor que vaian alumeando a chamada de Deus, presente no discurrir do seu pobo. A aportación do noso novo teólogo inscribese neste contexto.

Alfonso BLANCO TORRADO